

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xaneiro de 2023**

Ás 18.10 horas do día 18 de xaneiro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López), nin o deputado do Grupo Socialista don Álvaro Vila Araújo (substituído por dona Elvira Lama Fernández)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de decembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 15 de decembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral, corrixiendo un erro no apartado de rogos e preguntas en referencia ao balneario de Berán, que poñía Verín por erro.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, formula a seguinte pregunta por escrito: tal e como comunicou a presidenta da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente no pasado mes de decembro de 2022, respondendo á pregunta feita polo voceiro do BNG respecto do estado do contrato de Meisa, e tal como figura na acta da sesión “responde que o Sr. presidente, no pleno de novembro, contestou dando lectura ao informe de Cristina Pedrosa Leis do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, de Aristeia Avogados SLP, na súa condición de asesora xurídica de Estación de Inverno Manzaneda SA, no que indica que, tal e como consta no perfil do contratante, se convocou un procedemento de licitación aberto para a adxudicación para a xestión, non constando presentadas ofertas dentro do prazo legalmente previsto. Conforme prevé a normativa de contratación de aplicación, procederá a declaración de deserto do procedemento e, no seu caso, proceder á adxudicación do contrato, como se prevé para estes supostos no consello de administración. Non ten constancia a día de hoxe da realización dese consello de administración. Tendo constancia de que a día de hoxe están en funcionamento os canóns de neve da estación de montaña de Manzaneda, pregunta ¿quen está xestionando actualmente as instalacións de Meisa?

A presidenta da comisión contesta que a día de hoxe se está levando a cabo a xestión directa con persoal de Meisa, e que un consello de administración da sociedade, que terá lugar nos vindeiros días, será o que tome a decisión definitiva sobre o modo de xestión.

D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se a comisión mixta creada entre a Deputación, a Xunta e o Concello para o posible traslado das dependencias da Deputación a outro inmobile, adoptou algún acordo ao respecto.

A **presidenta da comisión** indica que non hai ningunha nova que facilitar, xa que aínda non se chegou a ningún acordo definitivo.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, indica que esta semana saíu en prensa información sobre o programa de turismo deportivo promovido pola Deputación, denominado Nauticou. Solicita información sobre en que consiste o dito programa e que orzamento ten.

A **presidenta da comisión** indica que lle contestará por escrito.

E, ás 18.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.